



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIVEIRA O DÍA 3 DE OUTUBRO DO 2019.**

**ASISTENTES:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>Presidente:</b><br/>D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández<br/>(Alcaldesa en funcións – Decreto 27/09/2019)</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/><br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz<br/>D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego<br/>D. Víctor Reiriz Lampón<br/>D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría<br/>D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos<br/>D. Ramón José Doval Sampedro</p> | <p><b>Interventor:</b><br/><br/>D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario Xera:</b><br/><br/>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b><br/><br/>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas e corenta minutos do día tres de outubro do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2019.

**II.- CONTRATACIÓN.**

**1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO DO CANAVEIRO (OLEIROS)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000021*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO DO CANAVEIRO (OLEIROS)”**, cun orzamento total de





licitación de 54.253,91 euros (orçamento base: 44.837,94 euros; IVE 21%: 9.415,97 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 44.837,94 euros).

A actuación está financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia segundo notificación de concesión de subvención que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 16/05/2019 co número 6.924, (resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2019, aprobouse por decreto da alcaldía da data 13/06/2019.

O expediente de contratación (por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adjudicación, prezo máis baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61903, aprobáronse por decreto da alcaldía da data 18/06/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira, as seguintes empresas:

1. ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO
2. ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
3. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
4. CANARGA S.L.
5. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.
6. CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.
7. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
8. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.
9. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
10. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
11. NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
12. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
13. SONDEOS PORZUNA S.L.
14. VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.

A Mesa de contratación, na súa reunión da data 11/07/2019, procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                               | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) |
|-------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO                    | CORRECTA                | 40.180,87 €                |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.            | CORRECTA                | 32.166,74 €                |
| ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.           | CORRECTA                | 31.686,97 €                |
| CANARGA S.L.                              | CORRECTA                | 33.404,13 €                |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.          | CORRECTA                | 35.800,00 €                |
| CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.       | CORRECTA                | 30.090,74 €                |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.       | CORRECTA                | 29.687,20 €                |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. | CORRECTA                | 40.309,31 €                |





|                                                      |          |             |
|------------------------------------------------------|----------|-------------|
| MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | CORRECTA | 30.033,94 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | CORRECTA | 32.525,44 € |
| NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.                        | CORRECTA | 33.762,97 € |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.                   | CORRECTA | 36.031,77 € |
| SONDEOS PORZUNA S.L.                                 | CORRECTA | 30.808,15 € |
| VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.                      | CORRECTA | 32.036,71 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” e “Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión da data 11/07/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 3 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, realizáronse na data 09/08/2019.

Dentro do prazo concedido, presentaron documentación xustificativa da súas respectivas ofertas económicas, a través Plataforma de Contratación do Concello de Riveira, as dúas empresas requiridas.

Con data 27/08/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Mellora do firme do camiño do Canaveiro”, no que conclúe que:*

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*Na documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificadas as ofertas presentadas.*

*E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.”*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 09/09/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 13/09/2019, adoptou os seguintes acordos:

- *De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/08/2019, así como coa documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas, considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” e “Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.”*

- *De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Mellora do firme do camiño do Canaveiro”, do seguinte xeito:*





| ORDE | LICITADORES                                          | OFERTA ECONÓMICA<br>(SEN IVE) |
|------|------------------------------------------------------|-------------------------------|
| 1    | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | 29.687,20 €                   |
| 2    | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 30.033,94 €                   |
| 3    | CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.                  | 30.090,74 €                   |
| 4    | SONDEOS PORZUNA S.L.                                 | 30.808,15 €                   |
| 5    | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.                      | 31.686,97 €                   |
| 6    | VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.                      | 32.036,71 €                   |
| 7    | ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.                       | 32.166,74 €                   |
| 8    | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | 32.525,44 €                   |
| 9    | CANARGA S.L.                                         | 33.404,13 €                   |
| 10   | NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.                        | 33.762,97 €                   |
| 11   | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.                     | 35.800,00 €                   |
| 12   | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.                   | 36.031,77 €                   |
| 13   | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO                               | 40.180,87 €                   |
| 14   | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.            | 40.309,31 €                   |

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 13/09/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” presentou a documentación requirida, mediante comunicación que tivo entrada na Plataforma de contratación do Concello de Riveira na data 18/09/2019 co número 288. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 18/09/2019 (nº operación: 2019 33006737), xustificativa de constitución de aval de Afigal, por importe de 1.484,36 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/10/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra son adecuados e suficientes para a correcta execución da mesma.

Consta tamén certificado de data 01/10/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “que de acordo coa





*información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Ponciano Nieto, S.L. CIF: B-15293145".*

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 02/10/2019, e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 02/10/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/09/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "Mellora do firme do camiño do Canaveiro (Oleiros)" á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." (NIF B15293145), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 35.921,51 euros (base: 29.687,20 euros ; IVE 21%: 6.234,31 euros).**

b) **Prazo de execución: 1,5 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data febreiro/2019.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO**.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**QUINTO**.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

## **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "AGLOMERADO DA RÚA ATALAYA (CORRUBEDO)".**

*Expediente: 2019/C\_OB000007*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de "**AGLOMERADO DA RÚA ATALAYA (CORRUBEDO)**".

O investimento foi incluído no "**Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018**", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por





Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 51.627,75 euros (orzamento base: 42.667,56 euros; IVE 21%: 8.960,19 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 05/12/2017.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/12/2017.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/12/2017.
- 5.- Memoria económica da alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 18/12/2017.
- 6.- Informe da intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado, asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 11/12/2017.
- 7.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 15/12/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 8.- Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/05/2019, no que informa que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/05/2019, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 10.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 14/05/2019.
- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/05/2019 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/05/2019 (número de operación 2019 22009713), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61964.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49

DOCUMENTO: 20190408475

Fecha: 07/10/2019  
Hora: 13:14







municipal Uxía Landeira Pereira, de data 14/05/2019.

- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por tratarse dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado pola alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández na data 02/10/2019.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 02/10/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 02/10/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobación o expediente de contratación para realizar as obras de “**AGLOMERADO DA RÚA ATALAYA (CORRUBEDO)**”, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 51.627,75 euros (orzamento base: 42.667,56 euros; IVE 21%: 8.960,19 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 46.934,32 euros).

**SEGUNDO.-** Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo), asinado pola alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández na data 02/10/2019.

**TERCEIRO.-** Aprobación o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61964.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo).

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).





**3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE  
“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000009*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)”**.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 182.411,64 euros (orzamento base: 150.753,42 euros; IVE 21%: 31.658,22 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 05/12/2017.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/12/2017.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/12/2017.
- 5.- Memoria económica da alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado, asinada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 6.- Informe da intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 11/12/2017.
- 7.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 15/12/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 8.- Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/05/2019, no que informa que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/05/2019, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49







- 10.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 16/05/2019.
- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/05/2019 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 21/05/2019 (número de operación 2019 22009762), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61963.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 16/05/2019.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por tratarse dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado pola alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández na data 02/10/2019.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 02/10/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 02/10/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)", segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 182.411,64 euros (orzamento base: 150.753,42 euros; IVE 21%: 31.658,22 euros), e cun prazo de execución de 3 meses. (Valor estimado do contrato: 165.828,76 euros).

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo), asinado pola alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández na data 02/10/2019.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61963.





**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/09/2019 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación da subministración e instalación da iluminación festiva do Concello de Riveira para os anos 2020 e 2021”.**

### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

#### BAIXA NO POSTO Nº 8 DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA

Visto o escrito presentado por Eva Castro Lavandeira, de data 26/09/2019 (Rexistro de entrada nº 13.538), no que solicita a baixa no posto nº 8 do Mercado de Palmeira, destinado á venda de flores.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Aprobar a baixa no posto nº 8 do Mercado de Palmeira, destinado á venda de flores, solicitada por Eva Castro Lavandeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**1.-** Vistos os escritos presentados por **Alejandro Argibay Suárez**, de datas 18/07/2019 e 08/08/2019 (Rexistros de entrada nº 10.394 e 11.126), nos que solicita licenza de obras para substitución de cuberta e ampliación de baixocuberta en vivenda unifamiliar existente, sita na Estrada Xeral nº 224, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A921000940000UM.



#### FIRMANTE - FECHA





A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 21 de agosto de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/09/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Alejandro Argibay Suárez **LICENZA DE OBRAS (Nº 36/19)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E AMPLIACIÓN DE BAIXOCUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita na Estrada Xeral nº 224, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A921000940000UM, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 15,54 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial**.

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.





- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- Visto o escrito presentado por Domingo José Vidal Álvarez en representación de **Construcciones Genaro Cadaval, S.L.**, de data 29/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.998), no que solicita a devolución de tributos, presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para construción de edificio para vivendas en Insuela - Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 30/08/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/09/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2007/771), formulada por **Construcciones Genaro Cadaval, S.L.**, coa seguinte contía: **21.580,00 €**.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

*(Na deliberación e votación do seguinte asunto a tratar se ausenta da sala a concelleira Ana Isabel Barreiro Rego)*

3.- Vistos os escritos presentados por **Jorge González Mariño**, de datas 05/07/2019, 18/07/2019, 29/07/2019, 19/08/2019, 02/09/2019, 25/09/2019 e 26/09/2019 (Rexistros de entrada nº 9.805, 10.377, 10.782, 11.569, 12.164, 13.479 e 13.580), nos que solicita licenza de obras para ampliación de almacén e cuarto de instalación en vivenda unifamiliar existente, sita na Rúa Sagres nº 23, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 9289109MH9098N0001YY.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 27 de setembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/09/2019, por unanimidade dos presentes *(Coa ausencia na sala da concelleira Ana Isabel Barreiro Rego)*, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Jorge González Mariño **LICENZA DE OBRAS (Nº 37/19)** para **AMPLIACIÓN DE ALMACÉN E CUARTO DE INSTALACIÓN EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita na Rúa Sagres nº 23, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 9289109MH9098N0001YY, nos termos do Proxecto Básico e de







Execución de setembro de 2019 redactado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633).

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49





- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

*(Na deliberación e votación dos seguintes asuntos a tratar na Orde do Día se incorpora a concelleira Ana Isabel Barreiro Rego)*

## VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por Joaquín Gago Fernández en representación de **Arturo Pérez Cerecedo**, de data 06/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.151), no que solicita certificación municipal relativa á titularidade da parcela situada en Rúa do Toxo, Riveira.

**A Xunta de Goberno Local**, vistos os informes técnicos emitidos ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 03/09/2019, e polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 30/09/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

### A) Informe Enxeñeira Municipal

A edificación para a que se solicita certificación ten as seguintes referencias catastrais: 0912527NH0101S0001XX e 0912525NH0101S0001RX

Persoados os servizos técnicos municipais no lugar, se confirma que o edificio non invade as aliñacións do vial previsto no PXOM correspondente á futura continuación da Rúa do Toxo.



#### FIRMANTE - FECHA





## B) Informe Arquitecto Municipal

REF. CATASTRAL: 0912527NH0101S0001XX e 0912525NH0101S0001RX

### ANTECEDENTES:

1.- Con data de 3 de setembro de 2019 emítese informe redactado pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, en relación coa solicitude formulada polo interesado a fin de aclarar si as dúas edificacións identificadas coas referencias catastrais reseñadas no presente encabezamento (parcelas nº 25 e nº 27 do polígono nº 09125 de urbana de Riveira). No informe conclúese que o conxunto edificatorio e que abarca as dúas referencias catastrais non invade o aliñamento oficial.

### INFORME:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- Que revisado o plano de ordenación (escala: 1/2000) puido comprobarse que, efectivamente o aliñamento proxectado e que daría continuidade á rúa do Toxo, non afecta ao edificio ou edificios que se identifican cos nº 25 e 27 do polígono nº: 09125 de urbana. Pero si debemos de advertir, e aos efectos de aclarar a incidencia do aliñamento neste tramo da rúa do Toxo, que o aliñamento afecta as distintas construcións erixidas en ringleira, emprazadas na traseira da edificación(s) obxecto da presente solicitude, e identificadas cos números: 58,59,60,61,62 e 63 do polígono nº: 09125 de urbana.

Ver plano que se acompaña e onde se superpón a planimetría de catastro e do plano de ordenación, a escala: 1/2000, e onde se pode apreciar a afección do aliñamento sobre as distintas construcións identificadas cos nº: 58, 59, 60, 61, 62 e 63.

Acompañamos plano a escala 1:2000.

## VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR - M<sup>a</sup> DOLORES SETIÉN GÓMEZ E FRANCISCO JAVIER ANTAS PÉREZ

*LICENZA DE OBRA Nº 64/17, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 30 de novembro de 2017.*

*FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Demolición de vivenda unifamiliar existente e construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira.*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.*

*REF<sup>a</sup> CATASTRAL: 9285307MH9098N0001XY.*

*SITUACIÓN: Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira.*

*PROMOTOR/A: Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez (DNI 14.936.022-Y) e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, (DNI 33.209.725-W).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169).*

*PROXECTO: Proxecto Básico de setembro de 2017 (Anulado) / Modificado de Proxecto Básico de setembro de 2017 (Anulado) / Proxecto Básico de demolición e construción de vivenda unifamiliar de*



#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49





outubro de 2017 / Memoria descriptiva modificada de novembro de 2017 / Proxecto de Demolición e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de xaneiro de 2018 / Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 9 de xaneiro de 2018.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de maio de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169) / Liquidación Final de obra Executada / Acta de Recepción de Edificio Terminado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xullo de 2019/ Xustificante do Catastro de Alta no IBI / Certificado de Instalación de Electricidade e de fontanería realizado polo Sr. Ramón Javier Millán Pérez / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 10 de setembro de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Pola Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez (DNI 14.936.022-Y) e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, (DNI 33.209.725-W), solicitábase en escritos rexistrado de entrada nas datas 15 de setembro e 2 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 14.839, e 15.799), licenza de obra para demolición de vivenda unifamiliar existente e construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira en parcela en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira, achegando Proxecto Básico de setembro de 2017 (**Anulado**), Modificado de Proxecto Básico de setembro de 2017 (**Anulado**) redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169).

**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 30 de novembro de 2017 por unanimidade acorda **CONCEDER** á Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, **LICENZA DE OBRAS (Nº 64/17)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e posterior **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira, nos termos do Proxecto Básico de demolición e construción de vivenda unifamiliar de outubro de 2017 así como da Memoria descriptiva modificada de novembro de 2017 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169).

**TERCEIRO.-** Posteriormente polo Sr. Luis Felipe Polo MOLINA actuando en nome e representación da Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez (DNI 14.936.022-Y) e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, (DNI 33.209.725-W), achégase en escritos rexistrado de entrada na data 9 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 284), Proxecto de Demolición e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de xaneiro de 2018 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 9 de xaneiro de 2018.

**CUARTO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 1 de febreiro de 2018 por unanimidade acorda **PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da **LICENZA DE OBRA Nº 64/17** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de novembro de 2017 á Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez, e ao Sr. Francisco Javier Antas Pérez, consistente en Proxecto de Demolición e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de xaneiro de 2018 redactados polo Sr. José A.







Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 9 de xaneiro de 2018.

**QUINTO.-** Posteriormente pola Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez (DNI 14.936.022-Y) e Sr. Francisco Javier Antas Pérez, (DNI 33.209.725-W) en escritos rexistrados de entrada nas datas 24 de maio, 4 de xullo e 10 de setembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 7.256, 9.697 e 12.732), solicítase licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira construída ao amparo da licenza nº 64/17 en parcela en parcela con refª catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira, achegándose **Certificación Final de Obra visado polo polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de maio de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Liquidación Final de obra Executada, Acta de Recepción de Edificio Terminado visado polo polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xullo de 2019, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Certificado de Instalación de Electricidade e de fontanería realizado polo Sr. Ramón Javier Millán Pérez, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 10 de setembro de 2019.**

**SEXTO.-** O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 23 de setembro de 2019 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

En relación a dita Ordenanza o criterio estable é, xa fixado dende a entrada en vigor do actual planeamento municipal, polo Servizo de Urbanismo do Concello, e o de compatibilizar o uso residencial en categoría primeira (unifamiliar) dentro do residencial de 2ª categoría (plurifamiliar ou colectiva), toda vez que pode entenderse como unha peculiaridade da primeira sobre a segunda categoría, e tendo en conta que a ordenanza non impón a obriga de esgotar o número máximo de alturas permitido, o que parece lóxico na medida en que non se trata dunha ordenanza de edificación pechada entre medianeiras, que poidese en tal caso xustificar unha armonización da cornixa, senon que precisamente a edificación necesariamente debe dispoñerse exenta e recuada un mínimo de 3 m. As ocasións nas que a xurisprudencia veu entendendo obrigatorio esgotar o número de andares previstos no planeamento foi nos casos nos que a ordenanza impoñía expresamente unha unificación de alturas en función de criterios estéticos, co fin de conquistar unha altura de cornixa uniforme e non xerar paramentos cegos vistos, ou para a harmonización das novas edificacións con elementos protexidos, coma se di na Sentenza do TS de 24 de febreiro de 1997. Pero neste caso non existen tales condicionantes, polo que cabe concluir que a altura e número de andares defínense na ordenanza como máximas, pero non como mínimas. Máxime tendo en conta que a ordenanza de aplicación, e no seu



#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49







apartado 1.2 “usos globais”, establece o “residencial extensivo ou de baixa densidade”; e que como no presente caso o uso pormenorizado proposto é o de residencial de vivenda unifamiliar; asumindo que o mesmo está integrado no uso global e xenérico residencial.

Por iso, e partindo do aforismo de que “quen pode o máis pode o menos”, non existe ningunha razón para impedir que non se esgote a altura máxima prevista pola ordenanza, posibilitando así o feito de poder edificar unha única planta sobre rasante (planta baixa) e gardando os recuados a lindeiros de 3 metros.

Á vista das consideracións precedentes, cabe concluir que a proposta contida do proxecto, aínda que non esgota a altura e número de andares permitidos na Ordenanza aplicable, axústase aos parámetros edificatorios que establece a mesma, integrándose dentro do “uso xenérico residencial extensivo” e, dentro deste, no máis restritivo ou de menor intensidade de uso.

**SEGUNDO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

**TERCEIRO.-** A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**CUARTO.-** Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa





reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

De conformidade co artigo 357.3 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, as resolucións sobre denegación de licenzas urbanísticas, deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan que se incumplan.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

**QUINTO.-** A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxuicio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

**SEXTO.-** A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.





O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, ***sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito***, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos termos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

**SÉTIMO.-** O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.





**OITAVO.-** O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

**NOVENO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO.-** O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 23 de setembro de 2019, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/09/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. M<sup>a</sup> Dolores Setién Gómez e ao Sr. Francisco Javier Antas Pérez **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira construída ao amparo da licenza nº 64/17 en parcela en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 9285307MH9098N0001XY sita na Rúa da Praia nº 16, Aguiño, Riveira, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de maio de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Liquidación Final de obra Executada, Acta de Recepción de Edificio Terminado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xullo de 2019, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Certificado de Instalación de Electricidade e de fontanería realizado polo Sr. Ramón Javier Millán Pérez, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 10 de setembro de 2019.**

**SEGUNDO.-** Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**TERCEIRO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*





- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

## IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - PEREGRINA BOO SANTOS.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C.

SITUACIÓN: "Agro de Sampedro", Lugar de Sampedro nº 1, Palmeira, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A036008090000KS.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A036008090000KS, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 2.359,00 m²: Norte estrada; Sur camiño público; Este finca con refª catastral nº 15074A036008080000KE e finca con refª catastral nº 15074A036008100000KJ; Oeste estrada.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A cunha superficie neta de 1.024,00 m² que linda: Norte estrada; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 15074A036008080000KE; Oeste estrada.

FINCA B cunha superficie neta de 1.089,00 m² que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño; Este finca con refª catastral nº 15074A036008080000KE e finca con refª catastral nº 15074A036008100000KJ; Oeste estrada.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 246,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A unha superficie de cesión de 78,00 m², e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 168,00 m².

PROMOTOR/A: Sra. Peregrina Boo Santos, (D.N.I. 33.081828-P).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de abril de 2019 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Pola Sra. Peregrina Boo Santos, (D.N.I. 33.081828-P), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 20 de agosto de 2019, (Rexistro de entrada nº 11.630), licenza de segregación de parcela denominada "Agro de Sampedro" con refª catastral nº 15074A036008090000KS, sita no Lugar de Sampedro nº 1, Palmeira, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas abril de 2019 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez así como Escritura de Propiedade.

**SEGUNDO.-** O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos emite informe técnico favorable o día 20 de setembro de 2019, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as condicións de parcela e fronte mínimos, se informa favorablemente a segregación pretendida por cumprir ás determinacións e parámetros urbanísticos da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo.



#### FIRMANTE - FECHA







## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**.

**SEGUNDO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2016 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**TERCEIRO.-** O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

**CUARTO.-** O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

**QUINTO.-** O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.



### FIRMANTE - FECHA







En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

**SEXTO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**SÉTIMO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 20 de setembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/10/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. Peregrina Boo Santos a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº5/19)** con refª catstral nº 15074A036008090000KS denominada “Agro de Sampedro” sita no Lugar de Sampedro nº 1, Palmeira, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas abril de 2019 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- FINCA A** cunha superficie neta de 1.024,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte estrada; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 15074A036008080000KE; Oeste estrada.
- FINCA B** cunha superficie neta de 1.089,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte finca A resultante da segregación; Sur camiño; Este finca con refª catastral nº 15074A036008080000KE e finca con refª catastral nº 15074A036008100000KJ; Oeste estrada.
- SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 246,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A unha superficie de cesión de 78,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 168,00 m<sup>2</sup>





**SEGUNDO.-** En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 246,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A unha superficie de cesión de 78,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 168,00 m<sup>2</sup>.

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**TERCEIRO.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**CUARTO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## **X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JULIO LÓPEZ TABOADA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE "BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.", POR DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 1813-JBD, OCASIONADOS DURANTE AS LABORES DE DESBROCE DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE RP/3/2019.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia da entidade **BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:



**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 07/10/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 07/10/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/10/2019 13:14:49





## FEITOS

Primeiro.- O día 21 de agosto de 2018, o vehículo marca Mitsubishi, modelo Outlander Phev, con placas de matrícula 1813JBD, propiedade de D. José Tomás Santos Alonso, con DNI número 52459405, circulaba pola Avenida Ramiro Carregal no Polígono Industrial de Xarás, cando, de súpeto, bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de desbroce que neses intreos estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose a rotura do cristal da parte de atrás do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 01/03/2019 co número 2.847, a entidade aseguradora BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., con CIF número A48001648, representada por don Julio López Taboada, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 458,21 euros, máis os xuros legais que correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple da escritura de poder xeral para pleitos, outorgada na data 17/10/2017, polo Notario Manuel Garces Pérez, co número 2.943; copia do parte de servizo realizado pola Policía Local do Concello de Riveira por mor do accidente; certificación de gastos realizada por Asitur Asistencia S.A.; factura emitida por "Carglass, S.L."; copia da póliza do seguro do vehículo accidentado.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 22/05/2019 co número 7.128.
- Informe emitido na data 08/07/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 26/08/2019 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante presentou escrito de alegacións (Rexistrado de entrada na data 23/09/2019 co número 13.345), no que reitera a súa petición.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os



#### FIRMANTE - FECHA





particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **a entidade aseguradora BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos**, como así consta no expediente coa factura que se achega, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la*



#### FIRMANTE - FECHA





*indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización”.*

Actúa representada por don Julio López Taboada, que acredita debidamente a súa representación mediante copia da escritura de poder xeral para pleitos, autorizada polo Notario do País Vasco, D. Manuel Garces Pérez, na data 17/10/2017, co número 2.943 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Mitsubishi, modelo Outlander Phev, con placas de matrícula 1813JBD. Así se deduce da factura dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido na instrución do expediente dispónse: *“SEGUNDO.- Es parecer de los agentes actuantes fundamentándose en la inspección ocular realizada y manifestaciones del operario municipal y conductor del vehículo implicado, que el siniestro se produjo como consecuencia del impacto de un objeto (arenilla u otro escombros), contra el vidrio trasero del turismo matrícula 1813JBD, que circulaba correctamente por su carril derecho de la Avenida Ramiro Carregal Rey, sentido de circulación descendente (Polígono Industrial – carretera AC-550), frente al Supermercado Eroski, término municipal de Riveira. Que en el margen derecho de la Avenida Ramiro Carregal Rey, en un terraplén de la zona ajardinada se encontraba realizando actuación de desbroce D. José Antonio Santamaría Parada (...) operario municipal, destinado al departamento municipal de jardines, con una máquina manual (desbrozadora), el disco o el cabezal de hilo pudo proyectar el objeto causante de la rotura del vidrio trasero. Asimismo, pudo haber influido que el operario ejerciera su actividad de manera no preventiva en el desarrollo de los trabajos de jardinería, suponiendo una afección de la vía pública interfiriendo con el tráfico de vehículos y peatones, sin disponer de la correspondiente señalización circunstancial, señalización de preaviso para avisar a los usuarios de la proximidad de unos trabajos, en este caso desbroce, en la carretera o sus inmediaciones y señalización de posición que se coloca en el entorno inmediato donde se está realizando la actividad. Las distintas señales y elementos de balizamiento a utilizar deberían ajustarse, en cuanto a dimensiones, nivel de reflectancia, etc., a lo especificado en la normativa vigente.”*







- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 26/08/2019 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *“Que na data 21/08/2018 estiveron traballando no Polígono Industrial de Xarás, realizando labores de desbroce, advertindo que durante as referidas labores un dos operarios que estaba utilizando a máquina desbrozadora, colleu unha pedra que saltou cara o vehículo marca Mitsubishi , modelo Outlander Phev, matrícula 1813 JBD, que se atopaba na zona, batendo contra o mesmo e ocasionándolle a rotura do cristal da parte de atrás do vehículo.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Mitsubishi, con placas de matrícula 1813JBD, propiedade de D. José Tomás Santos Alonso e asegurado na entidade Bilbao Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Respecto ao *quantum* a indemnizar, estímase en 458,21 euros, que é o importe total dos danos que consta na factura presentada polo reclamante emitida pola entidade “Carglass. S.L.”, mais os xuros legais que correspondan.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 01/10/2019, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 458,21 euros, que se abonará da forma seguinte:** o Concello de Riveira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 308,21 euros, mais os xuros legais que correspondan.

## **2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA MUÑOZ GARCÍA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA LINARES RIVAS. EXPEDIENTE RP/20/2018.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Muñoz García**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### **FEITOS**

**Primeiro.-** O día 04 de agosto de 2018, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Muñoz García, con DNI número 35.767.882-F, ía camiñando pola Rúa Linares Rivas, na parroquia e municipio de Riveira, cando tropezou cunha lousa que se atopaba en mal estado, o que fixo que caera ao chán.







Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Muñoz García tivo que ser atendida no Servizo de Urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha fractura de troquíter dereito.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 16/11/2018 co número 16.414, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Muñoz García, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 6.000 euros, cantidade que non presenta desglosada.

Co referido escrito, achega a seguinte documentación: copia simple da declaración do motivo da asistencia ao Hospital da Barbanza de data 06/08/2018; copia de seis fotografías do lugar da caída; copia simple do informe médico emitido na data 16/11/2018 pola Dra. M.C. Cerqueiras Alcalde do Centro de Saúde de Palmeira, e no que determina que a Sra. Muñoz García foi dada de alta por traumatoloxía por fractura de troquíter dereito o día 07/11/2018; copia de documento de interconsulta do Hospital da Barbanza; cinco xustificantes de cita previa do Hospital da Barbanza; 2 xustificantes de asistencia á consultas de control de fracturas do Hospital da Barbanza; copia do informe de alta de urxencias emitido polo Hospital da Barbanza; e copia simple do escrito presentado na data 16/11/2018, rexistro entrada número 16.412, de solicitude de informe á Policía local.

Na data 27/11/2018 (Rex. Entrada nº 16.922), presenta outro escrito co que achega informe emitido pola Policía local por mor da caída sufrida pola reclamante.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 11/06/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 26/08/2019 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 25/09/2019 co número 13.482, e na que reitera a súa petición inicial.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.





De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. M<sup>a</sup> Teresa Muñoz García para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 04/08/2018 cando camiñada pola rúa Linares Rivas, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa





titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Muñoz García. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto o reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a rúa pola que transitaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira, no seu informe emitido na data 11/06/2019, solicitado na instrución do expediente, dispón: *“1º.- La calle Linares Rivas a la altura del nº 1 en fecha 04 de agosto de 2018, presentaba una de las losetas de piedra desnivelada con respecto a las demás, estando por una de las esquinas mas levantada que el resto aproximadamente 1 cm. o 1,5 cm (no lo llegué a medir). 2º.- Según mi punto de vista no me pareció especialmente peligroso si bien como indico en el punto 1º la loseta estaba un poco desnivelada con respecto a las otras. 3º.- Yo no vi la acción de la caída de la señora Muñoz García, pero sí la ví en el suelo y como dos personas la querían ayudar a levantarse, fue entonces cuando nos acercamos para ofrecerle nuestra ayuda (tal y como se expone en el informe remitido anteriormente). 4º.- No puedo asegurar con total certeza que la caída de la Señora Muñoz García fuese debido al mal estado de las losetas de la calle, si bien pudo haber influido. 5º.- No tendo constancia de quejas de los vecinos por el estado de la calle.”*
- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente, e respecto ao estado da rúa na data na que tivo lugar a caída dispónse o seguinte: *“(…) En la fecha de la caída, esto es, el día 04 de agosto de 2018, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección de la calle Linares Rivas, por lo que se desconoce el estado exacto de la referida calle en la fecha del accidente. La única información que tenemos del estado de la calle a esa fecha la aporta la propia reclamante con su escrito de reclamación, al adjuntar varias fotografías de la misma en las que se aprecia el buen estado de la calle en general. Esta calle, que conecta dos zonas peatonales como son la rúa de Galicia y la avenida del Malecón, está destinada solamente a los viandantes, no a los vehículos. Con esto se quiere poner de manifiesto que es una zona en la que el pavimento, tal y como se aprecia en las fotografías, suele estar en bastante buen estado, ya que al ser una zona exclusivamente peatonal no sufre el desgaste propio del paso de vehículos. Aun así, puede existir algún tipo de irregularidad en el pavimento, ya que es imposible garantizar totalmente a los peatones que no sufriran una caída en la calle, pues no es posible garantizar la ausencia total de deficiencias en las calles, paseos y demás lugares públicos del pueblo. Así, en las fotografías que presenta la Sra. Muñoz García, se aprecian tres losetas muy ligeramente levantadas por uno de sus extremos, y una loseta que sobresale*





*por sus dos extremos aproximadamente 1 centímetro, provocando un pequeño desnivel en la calle, lo que efectivamente supone un defecto en la misma, aunque para nada se considera un obstáculo relevante o que pueda suponer un peligro para el caminar de los peatones, ya que, vuelvo a reiterar, el desnivel es muy pequeño y además es fácilmente apreciable por el viandante. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada, de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, el día 20 de diciembre de 2018 se procedió a la inspección de la zona, tomando una fotografía de la calle Linares Rivas en esa fecha y que se adjunta a este informe, y en la que se siguen apreciando los mismos defectos referidos anteriormente, aunque un poco más acusado el desnivel que provoca la loseta que sobresale por sus dos extremos. Aun así, y siendo necesaria su reparación por los servicios municipales, no se considera un obstáculo relevante o un peligro para el tránsito de los vecinos. No se tiene constancia de otras reclamaciones o quejas por el estado de la calle Linares Rivas.”*

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións: 1ª) Que o pavimento da rúa Linares Rivas na que tivo lugar a caída atópase en bo estado de conservación, existindo á data da caída unha lousa que sobresaía aproximadamente 1 centímetro, ocasionando un pequeno desnivel, facilmente apreciable e sen que supoña un obstáculo relevante ou perigoso para os viandantes; e 2ª) Que o Policía Local con número de identificación 239018 que a reclamante cita como testemuña da caída, non pode asegurar con total certeza que a caída fose debido ao estado da lousa, xa que non viu a acción da caída.

Non basta, polo tanto, con que a reclamante afirme que caeu por mor do estado da lousa da rúa Linares Rivas para apreciar a existencia da responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque non resulta demostrado que iso fose a causa da caída. E, en segundo lugar, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo na rúa, supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade uns dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constituía á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros





de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezón e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 02/10/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Muñoz García polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

#### **XI.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

##### **AUTORIZACIÓN DE EXHUMACIÓN**

Visto o escrito presentado por **María José Recamán Vidal**, de data 09/07/2019 (Rexistro de entrada nº 9.910), no que solicita permiso para a exhumación dos restos mortais de D<sup>a</sup> Sofía Vidal Pazos sitos na sepultura nº 2950 do Cemiterio Municipal de Riveira, co fin de trasladalos ao Cemiterio Parroquial de Carreira-Aguiño, onde serán reinhumados.

Visto o acordo favorable da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade, de data 25/09/2019, polo que se concede autorización sanitaria para a exhumación de cadáveres e restos cadavéricos (Nº expte.: SA666A 2019/430-1).

Vista a documentación que consta no expediente

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a exhumación dos restos cadavéricos D<sup>a</sup> Sofía Vidal Pazos sitos na sepultura nº 2950 do Cemiterio Municipal de Riveira.
- O traslado deberá realizarse por empresa funeraria debidamente acreditada e que cumpra con todos o requisitos legais para a realización do servizo.





- Dar traslado do presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2019-2020

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 02/10/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

### Destino Santiago de Compostela

|                            |           |
|----------------------------|-----------|
| Sampedro Pérez, Adrián     | 54226478E |
| Ramallo Gómez, David       | 53799699P |
| Cadaval Santamaría, Manuel | 53488483M |
| Pena García, Carmen        | 53488480W |
| González Dieste, Daniel    | 54228638C |
| García García, Alba        | 53489637D |

### Destino Lugo

|                         |           |
|-------------------------|-----------|
| Santamaría Lampón, Juan | 54225158J |
| Castrelo Novo, Marta    | 53797699D |
| Campaña López, Rubén    | 54227341B |
| García García, Alba     | 53489637D |

## CONCESIÓN DE ACHEGAS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL. AÑO 2018.

Vista a **proposta** presentada pola **Comisión avaliadora de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2018**, de data 03/10/2019, na que se propón os beneficiarios das subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro na área de acción social 2018.

Vista a documentación que obra no expediente.







Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 03/10/2019

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**A) Aprobar** a concesión de subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro na área de acción social 2018, segundo o contido da citada proposta, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue:

ASOCIACIÓNS DE MAIORES

| ENTIDADE                                             | PUNTUACIÓN | IMPORTE DA SUBVENCIÓN |
|------------------------------------------------------|------------|-----------------------|
| CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIVEIRA   | 65         | 1.330,00 €            |
| CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO    | 65         | 948,75 €              |
| CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE CORRUBEDO | 50         | 418,50 €              |
| CENTRO SOCIAL, CULTURAL, RECREATIVO SANTA UXÍA       | 50         | 2.000,00 €            |

**B) O prazo de presentación da documentación para a xustificación** destas achegas será dun mes contado a partir do día seguinte da recepción da notificación.

#### ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

##### 1.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola traballadora municipal adscrita á área de cultura, Montserrat Iglesias Senra, de data 01/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, de data 16/05/2019, para a organización das actividades que forman parte do programa de celebración das Festas da Dorna 2019.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, de data 16/05/2019, para a organización das actividades que forman parte do programa de celebración das Festas da Dorna 2019; resultando o seu importe: 31.000,00 €.





## 2.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN AMICOS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola comisión avaliadora, de data 02/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **programa de transporte de usuarios**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o programa de transporte de usuarios; resultando o seu importe: 3.000,00 €.

## 3.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN AMICOS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Visto o **informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Xefa do Servizo do Departamento de Servizos Sociais, María Francisca Vidal Regueira, de data 01/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **proxecto "Loita contra a pobreza"**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019, e visto o decreto de levantamento dos efectos suspensivos de reparo, de data 02/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **proxecto "Loita contra a pobreza"**; resultando o seu importe: 6.600,00 €.





#### 4.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN A CREBA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola comisión avaliadora, de data 02/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **programa de transporte de usuarios**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o programa de transporte de usuarios; resultando o seu importe: 3.000,00 €.

#### 5.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN FAIBEN (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola comisión avaliadora, de data 02/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Faiben, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **proxecto "Contigo"**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019, e visto o decreto de levantamento dos efectos suspensivos de reparo, de data 02/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Faiben, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o **proxecto "Contigo"**; resultando o seu importe: 3.000,00 €.

#### 6.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN AMBAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).





Vista a **proposta/informe** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola comisión avaliadora, de data 02/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o programa **“Vivindo na comunidade”**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11/10/2018, para o programa **“Vivindo na comunidade”**; resultando o seu importe: 3.000,00 €.

#### **AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL**

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 23/09/2019, en relación á solicitude de concesión de axudas para Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Riveira presentada por **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX** (Rexistro de entrada nº 12.751, de data 11/09/2019).

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 19/09/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Conceder** a **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX** unha axuda para renda social municipal de **478,67 €/mes**, durante seis meses como máximo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**A Alcaldesa en funcións**  
**María José Sampedro Fernández**  
(Decreto substitución 27/09/2019)

**Dou fe, o secretario xeral**  
**Juan Manuel Salguero del Valle**

